



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E CRUZ VERMELLA DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS”, DIRIXIDO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA ALLEA DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar con Cruz Vermella de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cruz Vermella de Galicia para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa de Familias Acolledoras", que ten como obxectivo xeral proporcionar unha atención temporal a aqueles menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, nun ambiente familiar normalizado, alleo á súa familia de orixe, por non existir esta ou non ser idónea para o seu coidado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O obxectivo xeral do programa é a consecución do benestar dos/das menores, garantindo os seus dereitos e conseguindo a plena participación destes na vida dunha familia sen vínculos de orixe, outorgándolles polo tempo necesario a súa garda a unha persoa ou grupo familiar coa





obriga de velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

Como obxectivos específicos establécense:

No contexto persoal:

- Acadar o axeitado desenvolvemento do/da menor nos ámbitos hixiénico-sanitario, educativo, persoal e social.*
- Proporcionar ao/á menor un ambiente normalizado axeitado para a súa idade e momento evolutivo.*

No contexto familiar:

- Promover o cambio de situación da súa familia de orixe, co obxecto de que o menor poida voltar con ela, no seu caso, o máis axiña posible.*
- Lograr que a familia acollidora preste unha adecuada atención ao menor.*
- Potenciar a relación da familia de orixe e a de acollida para favorecer a futura reintegración familiar do/da menor.*

Cruz Vermella Española en Galicia é unha organización non gobernamental cun amplo historial de actuacións no eido da intervención social e está inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais da Consellería de Política Social co número E0023. Como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, desenvolve unha acción preventiva dirixida á totalidade da infancia e encamiña os seus esforzos a protexer de xeito específico aos menores e familias en dificultade social, velando así polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais e atendendo ás súas necesidades específicas.

A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio: a consecución do benestar dos menores en situación de risco ou desamparo, para o que se considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.





XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL**

**Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica**

galicia

Por outra banda, Cruz Vermella de Galicia achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos propios, que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que ...”por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou convinte promover a concorrência pública”.

Pola súa banda o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as expresadas circunstancias no presente convenio.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia, preténdese realizar con data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2016.

A Consellería de Política Social aboará a Cruz Vermella de Galicia para a execución deste convenio 330.000 €. na aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.2 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin, establecido especificamente nos orzamentos xerais 2016 para a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que non require de autorización previa do Consello da Xunta.

Cruz Vermella de Galicia comprométese a achegar a cantidade de 125.753,00 € procedentes de fondos propios da entidade.





O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio é de aproximadamente 220 menores e 170 familias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

